



CONCELLO DE
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01*

ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía de data 24 de maio de 2016 aprobáronse as bases para a contratación con carácter temporal mediante contrato de interinidade dun técnico medioambiental mediante o procedemento de concurso oposición:

“BASES PARA A COBERTURA CON CARÁCTER DE INTERINIDADE DO POSTO DE TÉCNICO MEDIOAMBIENTAL MEDIANTE O PROCEDEMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de concurso-oposición e mediante contratación laboral, dun posto de traballo de técnico medioambiental, para cubrir a vacante por excedencia do seu titular.

2.- TIPO DE CONTRATO DE TRABALLO, TAREFAS E INCOMPATIBILIDADES.

O aspirante que resulte seleccionado para ocupar o posto de traballo a que se refiren as presentes bases, será contratado con carácter de interinidade, cubrindo a vacante actual e ata tanto en canto esta sexa ocupada polo seu titular ou por outra persoa, unha vez efectuado o procedemento de selección correspondente, ou se amortice a praza, tendo polo tanto as funcións, tarefas, cometidos e incompatibilidades do posto principal.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

4.1.- Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión do título de Enxeñeiro Agrónomo ou de Montes ou titulacións universitarias equivalentes segundo o Marco Español de Cualificación para la Educación Superior.
- f) Aboar por dereitos de exame a contía de 15 euros. O aboamento poderase facer mediante transferencia bancaria na conta número ES12 2080 0118 4331 1000 0028 de ABANCA.

4.2.- Todos os requisitos deberán reunilos os aspirantes na data na que finalice o prazo de presentación de instancias desta convocatoria.

5.- RETRIBUCIÓN

Son as establecidas para o dito posto de traballo.

6.- XORNADA LABORAL

A xornada de traballo será a tempo completo, de acordo co cadro de persoal laboral do Concello da Fonsagrada.



CONCELLO DE
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01*

7.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

7.1.- As presentes bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello.

7.2.- As instancias solicitando tomar parte na convocatoria, serán presentadas conforme ao modelo oficial reflectido no anexo I, no Rexistro Xeral da Corporación, sito na Praza do Concello S/N A Fonsagrada, durante o prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do seguinte a aquel no que apareza o anuncio desta Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, en horario de 9:00 a 14:00 horas. Se o último día do prazo coincidise en día inhábil ou en sábado o prazo entenderase prorrogado ao seguinte día hábil.

As instancias tamén poderán presentarse en calquera das formas que determinan os artigos 70 e 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común. Quenes opten pola presentación en lugar distinto das Oficinas de Rexistro Xeral do Concello da Fonsagrada deberán comunicalo mediante fax (982340001) dentro do prazo de presentación das solicitudes.

7.3.- Ás solicitudes deberán acompañarse os seguintes documentos:

- a. Instancia solicitando a participación no concurso convocado polo Concello conforme ao anexo I destas bases.
- b. Fotocopia compulsada do DNI ou documentación acreditativa suficiente se non ten nacionalidade española.
- c. Fotocopia compulsada do título requirido para o acceso ao posto
- d. Documentos xustificativos dos méritos que se aleguen mediante orixinal ou copia compulsada.
- e. Documento xustificativo, orixinal ou fotocopia compulsada, de estar en posesión do título do curso de perfeccionamento de galego, Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de Política Lingüística, para os efectos da exención do exercicio de coñecemento do galego.
- f. Xustificante de ter aboado a cantidade de 15 € en concepto de dereitos de exame. En ningún caso a presentación e pago supoñerá substitución do trámite de presentación da solicitude, resultando motivo de exclusión non subsanable. A non presentación do xustificante determinará a exclusión do aspirante.

7.4.- Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte.

7.5.- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que teñan feito constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo de presentación de solicitudes, e transcorrido este non se admitirá ningunha petición desta natureza.

7.6.- Unicamente se valorarán os méritos acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

8.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

8.1.- Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución comprensiva de:

- a) A aprobación da lista de admitidos e, no seu caso, excluídos.
- b) A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- c) A data, hora e lugar en que se realizará a fase de oposición.



CONCELLO DE
A FONSGRADA

Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

Nesta resolución, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, indicárase, se procede, o tipo de defecto polo que se exclúe a cada aspirante, establecéndose un prazo para a subsanación dos subsanables, con expresa advertencia da caducidade deste dereito polo transcurso de tal prazo sen efectuar aquela.

Non obstante o anterior, se en calquera momento posterior a esta resolución, incluso durante a celebración das probas, o tribunal advertise inexactitude ou falsidade na solicitude ou documentación anexa de calquera aspirante, que constituíse causa de exclusión, esta considerarase sempre insubsanable e o tribunal propoñerá á Alcaldía que resolva a exclusión.

8.2.- Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rechazadas mediante resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos. No caso de non haber excluídos ou de non presentarse reclamacións en prazo, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

8.3.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente, recurso de reposición, diante do Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación ou ben, recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación.

9.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes será o concurso-oposición

I.- FASE DE OPOSICIÓN (12 PUNTOS)

Exercicio escrito.- Consistirá na realización dunha proba escrita que constará dunha parte teórica e unha parte práctica, a determinar polo tribunal, de acordo co temario que se adxunta como Anexo II a estas bases. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Para superar esta proba os aspirantes deberán acadar unha puntuación mínima de 6 puntos.

Proba de galego.- Os aspirantes que non acrediten estar en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente, deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto do castelán ao galego sen axuda de diccionario. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio, e cualificarase como APTO ou non APTO, correspondéndolle ao tribunal de selección determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de APTO.

II.- FASE DE CONCURSO.VALORACIÓN DOS MÉRITOS (8 PUNTOS)

A.- EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 3 PUNTOS)

Por experiencia profesional directamente relacionada coas función a desenvolver. Puntuación máxima de 3 puntos:

- Por servizos prestados como técnico do grupo I en Concellos (Enxeñeiro Agrónomo ou de Montes ou titulacións universitarias equivalentes segundo o Marco Español de Cualificación para la Educación Superior).....0,20 puntos/mes completo.
- Por servizos prestados como técnico do grupo I en outras administración públicas Enxeñeiro Agrónomo ou de Montes ou titulacións universitarias equivalentes segundo o Marco Español de Cualificación para la Educación Superior0,10 puntos/mes completo.



CONCELLO DE
A FONSGRADA

Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

- Por servizos prestados como técnico do grupo I en empresas privadas Enxeñeiro Agrónomo ou de Montes ou titulacións universitarias equivalentes segundo o Marco Español de Cualificación para la Educación Superior0,05 puntos/mes completo.

A experiencia profesional acreditarase mediante certificado de vida laboral actualizado e copia compulsada de contratos ou certificados nos que consten as función desempeñadas.

B.- CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO (MÁXIMO 2 PUNTOS)

Por formación impartida ou recibida en cursos e seminarios, congresos e xornadas sempre que se atopen directamente relacionados coas tarefas a desenvolver e que foran realizados por Administracións, Corporacións ou Institucións de carácter público, incluso os organizados por colexios profesionais, organizacións sindicais e entidades privadas homologadas a tal efecto polas Administracións Públicas; acreditada mediante o título oficialmente expedido ou, no seu caso, certificación expedida polo organismo competente, en ambos casos con especificación de horas:

- Cursos de máis de 250 horas.....0,50 puntos
- Cursos de 100 a 250 horas.....0,25 puntos
- Cursos de menos de 100 horas.....0,10 puntos

Os cursos de menos de 15 horas de duración ou sen especificación de horas puntuaranse a razón de 0,05 puntos por curso.

C. CURSOS DE INFORMÁTICA (MÁXIMO 2 PUNTO).

Valoraranse únicamente aqueles cursos directamente relacionados co posto.

- Cursos de máis de 250 horas.....0,50 puntos
- Cursos de 100 a 250 horas.....0,25 puntos
- Cursos de menos de 100 horas.....0,10 puntos

D. LINGUAXE ADMINISTRATIVA (MÁXIMO 1 PUNTO)

- Curso de linguaxe administrativa de nivel medio.....0,50
- Curso de linguaxe administrativa de nivel superior.....1

10.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

10.1.- O Tribunal Cualificador será nomeado polo Alcalde e estará composto por un Presidente, un Secretario e tres vogais.

10.2.- Para a válida constitución e actuación do Tribunal requirirase a asistencia da metade máis un dos seus membros, e sempre a do Presidente e Secretario

Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

O Secretario actuará con voz pero sen voto.

O Tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación nos principios de economía, celeridade e eficacia.

11.- PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS.

11.1.- O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a puntuación total do proceso selectivo.



CONCELLO DE
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01*

A puntuación total determinará a orde de clasificación definitiva e, polo tanto, a proposta do Tribunal a favor do aspirante que maior puntuación final obtivera por dita orde, non podéndose declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao da praza convocada.

En caso de empate, a orde se establecerá atendendo a puntuación obtida segundo a orde establecida na Base 9; en último caso recurrirase ao sistema de sorteo público.

Formarase unha lista de emprego de aspirantes de reserva de acordo coa puntuación obtida, para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

11.2.- O aspirante proposto polo Tribunal deberá presentar no Concello da Fonsagrada, dentro do prazo de cinco días naturais a contar desde a notificación, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos nestas bases.

Se dentro de dito prazo, non presentara a documentación, quedará automaticamente decaído do seu dereito, non podendo proceder ao seu nomeamento.

No caso de renuncia ou calquera outra causa lexítima que impida o nomeamento do aspirante proposto, o tribunal quedará autorizado para propoñer ao aspirante segundo a orde de puntuación, de maneira que poida propoñerse ao seguinte con máis puntuación.

12.- NOMEAMENTO E SINATURA DO CONTRATO DE TRABALLO.

Pola Alcaldía efectuarase o nomeamento do aspirante proposto polo Tribunal, unha vez acreditados os requisitos sinalados nas bases, debendo asinarse o contrato de traballo no prazo de dous días hábiles dende o nomeamento.

13.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES.

Son incompatibilidades do cargo as comprendidas no artigo 1 e seguintes da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades de Persoal ao servizo das Administracións Públicas.



CONCELLO DE
A FONSGRADA

Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

ANEXO I

SOLICITUDE PARA A COBERTURA CON CARÁCTER DE INTERINIDADE DO POSTO DE TÉCNICO MEDIAMBIENTAL MEDIANTE O PROCEDEMENTO DE CONCURSO - OPOSICIÓN

1.- POSTO DE TRABALLO AO QUE OPTA

TÉCNICO MEDIOAMBIENTAL

2.- DATOS PERSOAIS

APELIDOS	NOME
ENDEREZO	
DNI	TELEFONO
Nº SEGURIDADE SOCIAL	DATA DE NACEMENTO

SOLICITA:

Participar nas probas selectivas, a que se refire a presente instancia, facendo constar que tódolos datos consignados son certos e que reúno todas e cada unha das condición esixidas, referidas á data do remate do prazo sinalado para a presentación da instancia, nas bases que declaro coñecer.

A Fonsagrada , de 2016

Sinatura do solicitante

Asdo.

Documentación que se achega:

- Copia compulsada do DNI.
- Copia compulsada do título esixido.
- Documento xustificativo de estar en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente.
- Copia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Xustificante de ter aboado a taxa por dereitos de exame

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DA FONSGRADA



CONCELLO DE
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01*

ANEXO II

TEMARIO

- 1.- A Constitución Española de 1978. Valores superiores e principios inspiradores.
- 2.- A Administración Local: Regulación e tipoloxía dos Entes Locais. A Lei de Bases de Réxime Local. O Municipio e a Provincia: Organización e competencias.
- 3.- Os bens das entidades Locais. Bens de dominio público local. Bens comunais. Bens patrimoniais locais. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens.
- 4.- O procedemento administrativo: Naturaleza e fins. O procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrucción e formas de terminación. Os recursos administrativos.
- 5.- Os contratos da administración. Contratos administrativos e outros contratos da Administración. Órganos competentes para a súa celebración. Incapacidades e prohibicións. Invalidez dos contratos. Procedementos e formas de adxudicación. Execución, modificación e extinción dos contratos.
- 6.- Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.
- 7.- O réxime urbanístico de propiedade do solo na Comunidade Autónoma de Galicia. Disposicións xerais. Clasificación do solo. Réxime do solo urbano e urbanizable. Dereitos e deberes dos propietarios. Réxime do solo de núcleo rural e do solo rústico. Categorias. Dereitos e deberes. Condicións de uso.
- 8.- Planeamento urbanístico na Comunidade Autónoma de Galicia. Instrumentos de ordenación. Clases de instrumentos de planeamento. Aplicabilidade. Obxecto. Elaboración e aprobación dos planes. A vixencia e revisión dos planes. Efectos da aprobación dos planes. Normas de aplicación directa.
- 9.- A execución dos planes de ordenación na Comunidade Autónoma de Galicia. Actos suxeitos a licencia. Procedemento de outorgamento. Caducidade.
- 10.- A protección da legalidade urbanística na Comunidade Autónoma de Galicia. As parcelacións. As infraccións urbanísticas. Concepto e clases. As persoas responsables. Regras para a determinación da contía das sancións. O procedemento sancionador.
- 11.- A Lei 9/2010, de 4 de novembro de augas de Galicia. Lei de augas do estado (Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Aguas).
- 12.- A Lei 10/2008 de residuos de Galicia.
- 13.- Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais.
- 14.- Lei 7/2012 de 28 de xuño de montes de Galicia.
- 15.- Cartografía. Determinación dun punto. Representación do terreo. Escala. Manexo do compás. Tipos de coordenadas e usos. Medicións indirectas. Levantamento de esbozo. Orientación no terreo. Cartografía dixital. GPS.
- 16.- Sistemas de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas, SIXPAC.
- 17.- Lexislación catastral. Representación catastral rústica e urbana
- 18.- Lexislación en materia de prevención de riscos laborais